

FEDERACION RUSA: autorización dos importes de compensación económica que poderá percibir AAiM, Asociación de Axuda á Infancia do Mundo, na intermediación de expedientes de adopción e do novo modelo de contrato.

Mediante resolución de 26 de decembro de 2013, a directora xeral de Familia e Inclusión aprobou os importes que a ECAI "Asociación de Axuda á Infancia do Mundo", AAiM, está autorizada a percibir das persoas solicitantes de adopción internacional pola intermediación coa Federación Rusa.

O importe total da compensación económica é de **22.894,36 €** segundo a seguinte distribución:

1.- GASTOS INDIRECTOS: 12.175,77€

En España: 4.063,68 €

a) Gastos de funcionamento:

1. Gastos de persoal: 3.035,96 €
2. Gastos de infraestrutura e equipamento: 248,78 €
3. Gastos de oficina, subministración e outros: 336,74 €
4. Gastos de asesoría, bancarios, seguros e financeiros: 267,50 €

b) Formación e adaptación: 174,70 €

No país de orixe da ou do menor: 8.112,09 €

1. Gastos de representante e outro persoal da ECAI no país de orixe da ou do menor: 5.510,98 €
2. Gastos de infraestrutura e equipamento da oficina da ECAI: 496,00€
3. Gastos de oficina, subministración e outros da oficina da ECAI: 371,74€
4. Gastos de asesoría, bancarios, seguros e financeiros: 557,73€
5. Achega a proxectos de axuda social e cooperación e de mantemento da acreditación no país: 1.175,64 €

2.- GASTOS DIRECTOS: 10.718,59 €

En España: 2.145,33 €

1. Xestión de documentos: 525,00 €
2. Gastos de legalización e autenticación: 90,00 €
3. Gastos de tradución: 0,00 €
4. Gastos de mensaxería e correos: 219,82 €
5. Taxas: 224,55 €
6. Seguímentos postadoptivos dos dous primeiros anos: elaboración de informes, tradución, legalización e envío: 1.085,96 €

No país de orixe da ou do menor: 8.573,26 €

1. Xestión de documentos: 0,00 €
2. Gastos derivados do rexistro do expediente no país: 0,00 €
3. Gastos de legalización: 520,00 €
4. Gastos de tradución: 4.410,00 €
5. Intérpretes (polo traballo relacionado co proceso de adopción): 1.410,00 €
6. Mensaxería e correos: 188,26 €
7. Taxas e gastos derivados da tramitación da adopción (xudiciais e administrativos): 0,00 €
8. Visados e pasaporte da ou do menor: 320,00 €
9. Gastos médicos obrigatorios: 0,00 €
10. Desprazamentos das persoas adoptantes no país de orixe relacionados directamente co proceso de adopción: 1.725,00 €
11. Axuda e manutención da ou do menor dende o momento que determine a lexislación do seu país de orixe ata a entrega da ou do menor ás persoas adoptantes: 0 €

Así mesmo, mediante a devandita resolución, dáse conformidade ao contrato que regulará a intermediación de AAiM para a adopción internacional na Federación rusa, conforme ao modelo unificado establecido pola Xunta de Galicia. Segundo o devandito contrato, o pagamento fraccionarase da forma seguinte:

- Primeiro pagamento: Á sinatura do contrato aboarase o 50% dos gastos directos (6.087,88 €) e efectuarase unha provisión de fondos de 2.890,64 €, que corresponden aos gastos directos previstos ata a realización do segundo pagamento.
- Segundo pagamento: Ao coñecer a proposta dun menor concreto e antes de viaxar ao país para coñecer ao neno ou nena, aboarase o 25% dos gastos indirectos (3.043,94 €) e efectuarase unha provisión de fondos de 3.287,00 €, que corresponden aos gastos directos previstos ata a realización do terceiro pagamento. Ademais, nesta primeira viaxe os solicitantes pagarán no país a cantidade de 1.567,00€ en concepto de transfer (intérprete e desprazamento no país).
- Terceiro pagamento: antes da segunda viaxe a Rusia para rematar a adopción aboarase o 25% dos gastos indirectos (3.043,94€) e efectuarase unha provisión de fondos de 1.085,96 €, que corresponden aos gastos de realizar os informes de seguimento dos dous primeiros anos tras a adopción. Ademais, nesta segunda viaxe, os solicitantes pagarán no país a cantidade de 1.888,00€ en concepto de transfer (intérprete e desprazamento no país) e gastos de visado e pasaporte da ou do menor.

O prezo dos seguimentos do terceiro e sucesivos anos, seá o que figure no cadro de gastos vixente autorizado pola Xunta de Galicia no momento da súa realización.